

ANÁLISE MUSICAL II

OPCIÓN A

1ª Parte (6 puntos)

Comentario á AUDICIÓ. N.

Comente a audición proposta segundo o seguinte gui3n, e desenvolvendo o que proceda en cada apartado.

1. Título e autor
2. Xénero
3. Textura da obra
4. Aspectos do texto e a súa relación coa música
5. Estrutura musical e forma resultante
6. Estilo e datación (ata onde se poida aproximar).

2ª Parte. Preguntas curtas. Trate de ilustrar as descri3ns con casos concretos (4 puntos)

1. A *Cantiga de amigo* como xénero literario-musical
2. Describa brevemente en qué consiste a modulaci3n.
3. Describa brevemente a forma de *lied* ternario reexpositivo.
4. Explique en qué consiste a inversi3n dun acorde e cantas pode haber nun acorde tríada.

OPCIÓN B

1ª Parte (6 puntos)

Comentario á AUDICIÓ. N.

Comente a audición proposta segundo o seguinte gui3n, e desenvolvendo o que proceda en cada apartado.

1. Título e autor
2. Xénero
3. Textura da obra
4. Aspectos do texto e a súa relación coa música
5. Aspectos tímbricos e harm3nicos da obra
6. Estilo e datación (ata onde se poida aproximar).

2ª Parte. Preguntas curtas. Trate de ilustrar as descri3ns con casos concretos (4 puntos)

1. Describa en que consiste unha *fuga*.
2. Describa brevemente que é unha *cadencia* e os tipos que coñeza.
3. Describa as diferenzas e funci3ns específicas do *recitativo* e a *aria*.
4. ¿Que son as indicaci3ns *ag3xicas*?

ANÁLISE MUSICAL II

OPCIÓN A

1ª Parte (6 puntos)

Comentario á AUDICION.

Comente a audición proposta segundo o seguinte guión, e desenvolvendo o que proceda en cada apartado.

7. Título e autor
8. Xénero
9. Textura da obra
10. Aspectos do texto e a súa relación coa música
11. Estrutura musical e forma resultante
12. Estilo e datación (ata onde se poida aproximar).

2ª Parte. Preguntas curtas. Trate de ilustrar as descrições con casos concretos (4 puntos)

5. Describa brevemente en qué consiste a *modulación*.
6. ¿Que son as indicacións *agóxicas*?
7. Describa en qué consiste a técnica do *baixo continuo*
8. Explique en qué consiste a inversión dun acorde e cantas pode haber nun acorde tríada.

OPCIÓN B

1ª Parte (6 puntos)

Comentario á AUDICION.

Comente a audición proposta segundo o seguinte guión, e desenvolvendo o que proceda en cada apartado.

1. Título e autor
2. Xénero
3. Textura da obra
4. Aspectos tímbricos e instrumentario
5. Estrutura musical e forma resultante
6. Estilo e datación (ata onde se poida aproximar).

2ª Parte. Preguntas curtas. Trate de ilustrar as descrições con casos concretos (4 puntos)

1. Describa brevemente os trazos do seguinte par de danzas: *allemanda-courante*.
2. Describa brevemente que é unha *cadencia* e os tipos que coñeza.
3. Describa brevemente a forma de *lied* ternario reexpositivo.
4. En qué consiste a técnica compositiva do *leitmotiv*.

Criterios de Avaliación / Corrección

CONVOCATORIAS DE XUÑO E SETEMBRO

1- Identificar os trazos formais das obras propostas para análise, segundo os seguintes parámetros:

- a. **Xéneros musicais:** profano/relixioso, instrumental/vocal, escénico, sinfónico/cámara etc.
- b. **Evolución tímbrica:** agrupacións instrumentais e vocais.
- c. **Melodía:** perfil (en arco, plana, quebrada...), ámbito, movemento (graos conxuntos/ saltos), elaboracións melódicas (ornamentación, improvisación...), motivos melódicos etc.
- d. **Ritmo:** ritmo libre, pulso, compases (simples, compostos), motivos rítmicos etc.
- e. **Relación música/texto:** prosodia, retórica, ilustracións musicais etc.
- f. **Texturas:** monofonía, homofonía, heterofonía, contrapunto, melodía acompañada.
- g. **Sistemas tonais:** modalidade, tonalidade (graos tonais, cadencias, acordes...), atonalidade etc.
- h. **Estrutura:** micro-/meso-/macroestruturas e **formas musicais**.
- i. **Música descritiva e intertextualidade** (imitación, citas musicais...).

2- Relacionar as obras obxecto de análise cun repertorio máis amplo, tanto desde unha perspectiva sincrónica: outras obras, estilos, xéneros etc. do seu propio contexto histórico, como diacrónica: obras, estilos, xéneros etc. que anteceden e/ou son posteriores e explican as obras obxecto de análise desde unha perspectiva evolutiva.